

CRITERIOS TAREFAS EXTRAESCOLARES

Segundo a Disposición adicional cuarta do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, sobre Tarefas extraescolares:

1. Os centros docentes incluírán dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co desenvolvemento adecuado das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.
2. No caso do seu establecemento, terase en conta un encaixe adecuado na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade das alumnas e alumnos na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

As tarefas extraescolares deberán cumprir os seguintes criterios:

- As tarefas de reforzo teñen que ter como finalidade a fixación de contidos dados na aula ou aprender algo con relación a unha proba que se vaia realizar; tamén poden servir para crear hábitos de estudo, fomentar a responsabilidade, afianzar aprendizaxes e o desenvolvemento adecuado das competencias clave. Estas tarefas teñen que ser compatibles coa súa vida familiar, social, deportiva ou lúdica, que tamén forman parte do desenvolvemento do neno/a.
- Se son varios profesores os que propoñen tarefas, haberá unha coordinación para non acumular excesivas propostas ao mesmo tempo.
- Atendendo á diversidade que pode presentar o alumnado, é importante dosificar a tarefa, evitar tarefas repetitivas, fomentar as tarefas competenciais, e atender a individualidade do alumnado a hora de propor tarefas.
- As tarefas que se lles envíen ao alumnado deben ser corrixidas. Por outra banda, poderase valorar a responsabilidade e o traballo persoal do alumnado. O profesorado deberá concretar na súa programación didáctica dita valoración.
- O profesorado explicará ao principio de curso (na reunión xeral), e nas titorías, a metodoloxía de traballo na aula e o que queremos conseguir coas tarefas que se envíen para casa: son tarefas para realizar o alumnado, son tarefas para colaborar a familia, se o alumnado non é quen de resolver a tarefa, será a mestra ou mestre a encargada/o de explicarllo.